



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS (ARIGAL), PARA A ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO VIRTUAL DOS ÁRIDOS DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de maio de 2017 ata o 15 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e ARIGAL, para o desenvolvemento dun “CATÁLOGO VIRTUAL DOS ARIDOS GALEGOS”, dentro dos conceptos de transparencia, sostibilidade e difusión.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A necesidade de potenciar e promover unha imaxe máis moderna e axustada a realidade do sector da minaría de áridos de Galicia, fai necesario levar a cabo unha serie de actividades entre as que se atopan a difusión das características técnicas dos áridos galegos, e unha transparencia total nas actividades desenvolvidas nos seus centros de traballo, maioritariamente implantadas en zonas rurais, ofrecendo unha perfecta simbiose e convivencia entre o medio, e una actividade extractiva sustentable, sostible e en moitos casos, beneficiosa para o medio ambiente e a biodiversidade.





A actividade a subvencionar ten un indubidable interese económico e social dado que o seu obxectivo é o impulso da industria mineira dos áridos de Galicia, a dinamización do sector, o fomento da seguridade e saúde no traballo e o impulso da difusión das prácticas e compatibilidade co medio ambiente das actividades extractivas, dentro das liñas seguidas polas institución europeas.

O feito de que o convenio sexa realizado con ARIGAL, trae como consecuencia que as accións incluídas no mesmo as desenvolva un ente no que se configuran a maioría das empresas do sector dos áridos de Galicia é esta a mellor canle para atender ás necesidades demandadas polo conxunto das empresas configuradas no seno do mesmo, e asemade é coincidente co fin de fomentar o asociacionismo e as actuacións colectivas que defende a Xunta de Galicia.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio non é posible polo tanto promover a concorrência pública, e na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 está establecida a aplicación orzamentaria para o financiamento das actividades concretas obxecto do presente convenio, a partida 09.20.734-A.781.2 “Convenio coa Asociación Galega de Áridos para realización de actuacións de fomento sector”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

